



O GOBERNO DE NIGRÁN EMPRENDE OBRAS DE ABASTECIMENTO NO CAMIÑO DO MONTE, EN PRIEGUE

Unha vez rematadas se acometerán as de saneamento no camiño do Rincho (Ceán) e en Salgueiral e Regueiro (Camos)

30/12/2015.- O Concello de Nigrán iniciou as obras para achegar o abastecemento ao Camiño do Monte, en Navás (Priegue). Estas beneficiarán a decenas de veciños que ata agora non dispoñían de auga corrente e as leva a cabo a empresa de Parada (Nigrán) 'Espazo Cúbico', cumpríndose así a vontade do goberno local de dar traballo a firmas do municipio. Posteriormente, emprenderanse as obras de saneamento no Camiño do Rincho (no barrio de Ceán) e na rúa Salgueiral e o Camiño do Regueiro (parroquia de Camos), de xeito que estén rematadas e xa en funcionamento a inicios deste ano. En total, o Concello de Nigrán inviste nelas 86.000 euros (sen IVE) e cumpre así coa súa parte do convenio asinado en 2013 con Augas de Galiza e que foi anulado unilateralmente o 27 de xullo por parte da Xunta, organismo que se comprometera a levar o saneamento a parte de Parada e Camos.

“A súa realización supón un novo paso cara a consecución do obxectivo final deste goberno de levar o abastecemento de auga e saneamento a todas e cada unha das casas de Nigrán”, sinala Juan González, alcalde do municipio. Precisamente, en Camos instalouse e quedou xa finalizada hai menos dun mes unha rede xeral soterrada ao longo de 3.110 metros da PO-332 dende o torreiro de As Angustias ao Centro Cultural A Camoesa (rúa dos Pazos, na beiravía dereita en dirección a Camos). Desta nova canalización xa rematada partirán as redes secundarias das poboacións da zona, tanto para esta parroquia como para Parada, núcleos de Nigrán e incluso permitiría unha mellora da conexión ao polígono industrial Porto do Molle, polo que se



instalaron arquetas e cruces para as redes secundarias. “Esta obra non significa que con ela chegue o abastecemento de auga de forma definitiva a Camos, pero sí é o primeiro paso para que nun futuro poida ser así, xa que desta conexión xeral partirán as secundarias aos diferentes barrios”, asegura Juan González, alcalde de Nigrán. Por outra banda, González confía en que a Xunta de Galicia rectifique na súa decisión de anular o convenio de abastecemento e o reactive de xeito inmediato.

O citado acordo asinado en 2013 polo que se levaba a cabo a obra de saneamento e abastecemento ás parroquias do municipio de Nigrán contaba cunha dotación de 800.000 euros por parte da Xunta de Galicia e de 200,000 por parte do Concello de Nigrán. No caso concreto de Parada, tiña un orzamento de 553.216,85 euros e era considerada como prioritaria polo actual goberno, por iso a cuestión foi levada ao seu primeiro pleno o día 30 de xullo, onde se aprobou con tódolos grupos a favor. A cuestión figuraba na orde do día pese a que o 27 de xullo o organismo Augas de Galicia comunicou por escrito ao Concello a súa revogación do mesmo “por incumplimento”, feito rexeitado contundentemente polo goberno e tódolos demais partidos. No mesmo pleno, a corporación por unanimidade acordou aprobar o punto tal e como estaba previsto (e como pedía Augas de Galiza para seguir adiante) e ao mesmo tempo, e tamén por unanimidade, se decidiu engadir unha enmenda que faculta ao alcalde a interpoñer un recurso contencioso-administrativo se a Xunta non rectifica na súa decisión.



EI GOBIERNO DE NIGRÁN EMPRENDE OBRAS DE ABASTECIMIENTO EN CAMIÑO DO MONTE, PRIEGUE

Una vez finalizadas se acometerán las de saneamiento en Camiño do Rincho (Ceán) y en Salgueiral y Regueiro (Camos)

30/12/2015.- El Ayuntamiento de Nigrán inició las obras para llevar el abastecimiento a Camiño do Monte, en Navás (Priegue). Estas beneficiarán a decenas de vecinos que hasta ahora no disponían de agua corriente y las ejecuta la empresa de Parada (Nigrán) 'Espazo Cúbico', cumpliéndose así la voluntad del gobierno local de dar trabajo a firmas del municipio. Posteriormente, se emprenderán las obras de saneamiento en Camiño do Rincho (en el barrio de Ceán) y en la calle Salgueiral y Camiño do Regueiro (parroquia de Camos), de manera que estén finalizadas y ya en funcionamiento a inicios de este año. En total, el Ayuntamiento de Nigrán invierte en ellas 86.000 euros (sin IVA) y cumple así con su parte del convenio firmado en 2013 con Aguas de Galicia y que fue anulado unilateralmente el 27 de julio por parte de la Xunta, organismo que se había comprometido a llevar el saneamiento a parte de Parada y Camos.

“Su realización supone un nuevo paso hacia consecución del objetivo final de este gobierno de llevar el abastecimiento de agua y saneamiento a todas y cada una de las casas de Nigrán”, señala Juan González, alcalde del municipio. Precisamente, en Camos se instaló y quedó ya finalizada hace menos de un mes una red general enterrada a lo largo de 3.110 metros de la PO-332 desde el Torreiro de Las Angustias al Centro Cultural ‘A Camoesa’ (rúa dos Pazos, en el arcén derecho en dirección a Camos). De esta nueva canalización ya finalizada partirán las redes secundarias hacia las poblaciones de la zona, tanto para esta parroquia como para Parada, núcleos de Nigrán e



incluso permitiría una mejora de la conexión al polígono industrial Porto do Molle, por lo que se instalaron arquetas y cruces para las redes secundarias. “Esta obra no significa que con ella llegue el abastecimiento de agua de forma definitiva a Camos, pero sí es el primer paso para que en un futuro pueda ser así, ya que de esta conexión general partirán las secundarias a los diferentes barrios”, asegura Juan González, alcalde de Nigrán. Por otra parte, González confía en que la Xunta de Galicia rectifique en su decisión de anular el convenio de abastecimiento y lo reactive de manera inmediata.

El citado acuerdo firmado en 2013 y mediante el que se llevaban a cabo obras de saneamiento y abastecimiento a las parroquias del municipio de Nigrán contaban con una dotación de 800.000 euros por parte de la Xunta de Galicia y de 200,000 por parte del Ayuntamiento de Nigrán. En el caso concreto de Parada, tenía un presupuesto de 553.216,85 euros y era considerada como prioritaria por el actual gobierno, por eso la cuestión fue llevada a su primer pleno el día 30 de julio, donde se aprobó con todos los grupos a favor. La cuestión figuraba en la orden del día pese a que el 27 de julio el organismo Aguas de Galicia comunicó por escrito al Ayuntamiento su revocación del mismo “por incumplimiento”, hecho rechazado contundentemente por el gobierno y todos los demás partidos. En el mismo pleno, la corporación por unanimidad acordó aprobar el punto tal y como estaba previsto (y como pedía Aguas de Galicia para seguir adelante) y al mismo tiempo, y también por unanimidad, se decidió añadir una enmienda que faculta al alcalde a interponer un recurso contencioso-administrativo si la Xunta no rectifica en su decisión.



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA
